



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

Don OVIDIO RODEIRO TATO, alcalde do Concello de Boqueixón (A Coruña),

FAGO SABER:

Que con cargo a fondos propios desta entidade, se van a aprobar e publicar as bases para a contratación de 4 albaneis oficiais de 2ª para un período máximo de 5 meses durante o ano 2016.

CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES:


- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar inscrito coma desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os candidatos serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón para a ocupación de albanel código: 71100016, nivel profesional: oficial de 2ª.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

REQUISITOS PARA A SELECCIÓN

Os/as aspirantes estarán **preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte**, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo **candidatos/as na ocupación de albanel co código: 71100016, nivel profesional: oficial de 2ª**.

As citadas bases de contratación presentarase xunto coa oferta pública presentada na Oficina de Emprego Público de Santiago Norte, e estarán expostas ó público no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón, e na páxina WEB do concello de Boqueixón www.boqueixon.com

Boqueixón, 29 de xuño de 2016



Ovidio Rodeiro Tato
O alcalde